

SOCIEDADE **EN VENDA**

VIOLENCIAS CORPORATIVAS E
RESISTENCIAS COLECTIVAS

20, 21, 22 e 23
MARZO

DOSSIER DE PRENSA
(versión digital)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ECOAR))).....	3
3. ÁGORA R.....	4
4. XORNADAS "SOCIEDADE EN VENDA".....	4
5. OBXECTIVOS.....	4
6. PROGRAMA.....	5
7. RELATORXS.....	5
8. AS PALESTRAS.....	8
9. LUGAR.....	11
10. CONTACTO.....	11

XORNADAS SOCIEDADE EN VENDA: VIOLENCIAS CORPORATIVAS E RESISTENCIAS COLECTIVAS

1. INTRODUCCIÓN

A concentración de poder de grandes corporacións e empresas transnacionais vese acrecentado máis e máis, ano tras ano. A día de hoxe, esta acaparamión é tal que máis dous terzos terzos das maiores economías do mundo son multinacionais, e non Estados.

Este preocupante poder de influencia sobre o funcionamento do sistema-mundo é posible por mor do soporte dun marco legal que apoia a súa desregulación no poder xurídico, o beneplácito de Estados e clase política, e o branqueo e maquillaxe das súas prácticas por parte dos medios de comunicación de masas. As consecuencias desta alianza (poderes político, económico, mediático e xurídico) repercuten en forma de vulneracións aos dereitos humanos e o medio ambiente en tódalas sociedades do planeta.

Ante esta instantánea cabe preguntarse cal é o papel da cidadanía á hora de regular, frear ou abolir por completo este sistema que ameaza a vida. Faise vital e urxente crear novos mecanismos ante esta problemática, empregando tamén todas as ferramentas que se teñan ao alcance para “desmontar a casa do amo”.

Procurando respostas a estas inxustizas, dende **ECOAR)))** organízanse as xornadas “*Sociedade en venda: violencias corporativas e resistencias colectivas*” (Vigo, Marzo 2024), que nacen dentro do marco do proxecto **ágora R**.

2. ECOAR)))

ECOAR))) é un espazo de natureza global conformado por persoas que se coordinan, constrúen e actúan, dende o local ao internacional, para facer fronte ás inxustizas, creando alternativas e resposta social ao sistema. ECOAR))) é unha ferramenta de carácter independente que se apoia na acción directa, a presión pública, a sensibilización e a solidariedade, para denunciar, visibilizar e concienciar sobre os problemas globais relacionados cos dereitos humanos e o medio ambiente, así como para activar á cidadanía actuando de maneira efectiva a partir da análise, a planificación e a estratexia.

ECOAR))) pretende ser unha estrutura sólida, resiliente, creativa e efectiva para os movementos sociais e a cidadanía, que actúa para construír un sistema global baseado na xustiza, a ética e a dignidade, a través dos seguintes puntos básicos: anticapitalismo, antiglobalización, consumo responsable, defensa do público, defensa de DDHH,

ecoloxismo, estado social e laico, horizontalización da sociedade, interculturalismo e non violencia.

3. ÁGORA R

Historicamente, a *ágora* foi o epicentro de construción da vida da cidadanía. Especialmente dende Maio do 68, cumpren a función de espazos de resistencia e disidencia.

ágora R é un proxecto de ECOAR))) que nace coa intención de pensar a realidade a través dunha ollada crítica, horizontal e proactiva poñendo no centro da análise as relacións de poder e contrapoder. **ágora R** pretende abrir un espazo onde a cidadanía poida adquirir ferramentas e recursos que lle permitan reflexionar sobre o seu papel como axente de cambio e vertébrase a través de tres eixos centrais:

- Analizar e comprender os procesos, teorías e situacións que conforman a estrutura e funcionamento do mundo actual, así como os seus compoñentes e protagonistas.
- Indagar e coñecer as ferramentas, repertorios e estratexias, así como as formas de organización e loita, que emprega o contrapoder ao longo do planeta.
- Estudar e entender os medios, persoas e estratexias, así como as formas de funcionamento e organización, que empregan a estrutura de poder, especialmente o corporativo e o gobernamental.

4. XORNADAS “SOCIEDADE EN VENDA”

“Sociedade en venda: violencias corporativas e resistencias colectivas” son xornadas que recorrerán en Vigo, entre o 20 e o 23 de marzo de 2024. Achegaranse olladas diversas mediante a realización de distintas palestras para analizar a presente situación dos diferentes poderes fácticos e como combatelos.

5. OBXECTIVOS

As **xornadas** “Sociedade en venda” pretenden:

- Comprender en maior profundidade o funcionamento do sistema-mundo, poñendo o foco no poder corporativo como base do capitalismo
- Abrir un espazo onde a cidadanía poida reflexionar sobre o seu papel como axente do cambio
- Coñecer alternativas, estratexias e ferramentas ante as problemáticas derivadas do modelo político e económico actual

6. PROGRAMA

- **Mércores 20 de marzo ás 18:30h:** “**Patriarcado e capital, alianza criminal!!** *Relación entre capitalismo e patriarcado na sociedade actual*” por María Pazos Morán.
- **Mércores 20 de marzo ás 20:00h:** “**Dereito á verdade!!** *Desinformación e o papel do xornalismo e os medios de comunicación nos conflitos internacionais*” por Hibai Arbide Aza.
- **Xoves 21 de marzo ás 18:30h:** “**Non nos calarán!!** *A represión da protesta e a construción da disidencia*” por Sara López Martín de LegalSol.
- **Xoves 21 de marzo ás 20:00h:** “**Somos o 99%!!** *A soberanía dos pobos como resistencia ao poder das transnacionais*” por Oskar Matute.
- **Venres 22 de marzo ás 18:30h:** “**Isto non rematou!!** *Internet: monopolios corporativos e soberanías colectivas*” por Sergio Salgado.
- **Venres 22 de marzo ás 20:00h:** “**Liberdade de Expresión, Democracia!!** *Poder, medios de comunicación e democracia. Do control financeiro ao filantropocapitalismo*” por Aurora Labio.
- **Sábado 23 de marzo ás 18:30h:** “**Non á guerra!!** *O negocio da guerra: economía militar e desarmamento*” por Pere Ortega.
- **Sábado 22 de marzo ás 20:00h:** “**O xornalismo non é un crime!!** *Medios: cuarto poder ou ariete do poder?*” por Pere Rusiñol.

7. RELATORXS

María Pazos Morán

María Pazos Morán é feminista, matemática e investigadora. Adica gran parte da súa carreira profesional á comparativa dos sistemas impositivos de diferentes países e a súa relación coa desigualdade de xénero. Foi xefa de estudos no Instituto de Estudos Fiscales. É parte da Asociación Internacional de Economía Feminista (IAFFE) e da Plataforma por los Permisos Iguales e Intransferibles por Nacimiento y Adopción (PPIINA). Pazos Morán publica regularmente en revistas científicas e xornais xeralistas. Entre as súas publicacións destacadas atópanse libros como *Contra el patriarcado: economía feminista*



para una sociedad justa y sostenible(Ed. Katakarak, 2018) e *Desiguales por ley: las políticas públicas contra la igualdad de género* (Ed. Catarata, 2013).

Hibai Arbide Aza



Hibai Arbide Aza é un xornalista, avogado, activista e picadiscos vasco afincado en Grecia. Durante case dúas décadas estivo implicado en loitas relacionadas coas fronteiras e a liberdade de movemento dende os seus diferentes enfoques formativos e profesionais. Cubriu a mal chamada "crise migratoria" en Europa, que afectou a Grecia, os Balcáns, Oriente Medio e Alemaña. Trata ademais outros moitos temas sociais, como os dereitos civís e as cuestións relativas ao colectivo LGBTIQ+.

É membro da produtora Muzungu, centrada no xornalismo social. Escribe regularmente para El Salto, Contexto y Acción, ou El País. Tamén traballou como locutor de radio no podcast *La Internacional*.

Sara López Martín

Sara López Martín é avogada e unha destacada activista, cun enfoque particular nos movementos sociais. É parte fundamental da Comisión Legal Sol. É tamén, e entre outras ocupacións en causas, asesora xurídica do Centro Sir[a] de atención ás vítimas de malos tratos e tortura, vinculada ao Grupo de Acción Comunitaria, e parte de plataformas como NoSomosDelito ou Defender a Quien Defiende. Defende a activistas en mobilizacións de protesta.

Ha publicado varios artigos en revistas como "Libre pensamiento" y "Revista de Estudios de Juventud". Además, ha contribuido a obras colectivas como "Ciberactivismo: sobre usos políticos y sociales de la red" y "La comunicación en situaciones de crisis: del 11-M al 14-M". En sus trabajos, reflexiona sobre temas como los movimientos sociales, el activismo en Internet y la democracia.



Oscar Matute

Oskar Matute é un político e activista vasco cunha longa traxectoria, que vai dende os seus comezos nos movementos de insumisión ao servizo militar obrigatorio e o pacifismo ata a esquerda abertzale na actualidade, pasando polo sindicalismo de clase. É membro da Fundación Viento Sur e a Fundación Gogoia.

No presente é voceiro de Alternatiba, integrado en EH Bildu, ocupando o escaño como deputado no Congreso dende 2016.



Sergio Salgado



Sergio Salgado é politólogo, consultor especialista en comunicación, e activista. Estivo implicado en cuestións relacionadas coas fronteiras e a liberdade de movemento, así como en proxectos democráticos como membro activo de Xnet e 15MpaRato.

É coautor de diversos traballos académicos e de libros como *Votar y cobrar: la impunidad como forma de gobierno* (Ed. Capitán Swing, 2017), xunto con Simona Levi.

Aurora Labio

Aurora Labio é Doutora en xornalismo, é profesora de “Estrutura da Información” na Facultade de Comunicación da Universidade de Sevilla e foi tamén profesora visitante en universidades de México e Cuba. Exerceu como xornalista en diferentes medios como Canal Sur, Onda Cero e Diario de Cádiz. O seu traballo céntrase nos medios de comunicación e a súa relación cos dereitos humanos e a democracia. É autora de libros como *Comunicación, periodismo y control informativo* (Anthropos, 2006) ou *Periodismo SOS: Del filantropocapitalismo al poder que mata* (Pirámide, 2022).



Pere Rusiñol

Pere Rusiñol é xornalista, socio e fundador das revistas Alternativas Económicas e Mongolia, así como colaborador regular de elDiario.es. Foi redactor xefe de El País e adxunto de dirección en Público ata o peche da súa edición en papel. Colabora tamén na redacción de el Periódico de Catalunya e outros diversos medios de comunicación. O seu labor está na actualidade e dun tempo a esta parte, focalizado na creación de alternativas en medios de comunicación e na economía social e solidaria.



Pere Ortega



Pere Ortega é Licenciado en Historia Contemporánea e cun posgraao en Facenda Pública, Pere Ortega conta cunha extensa traxectoria no activismo antimilitarista e pola paz como investigador e analista. É profesor de Conflictoloxía na Universitat Oberta de Catalunya, é presidente honorario do Centro Delàs de Estudios por la Paz e foi presidente da Federación de ONG per la Pau ata 2013. Prolífico autor, escribiu unha ducia de libros como *Dinero y militarismo. Del franquismo a la democracia (1939-2018)* (Ed. Icaria, 2019) ou *El Lobby de la industria militar española* (Ed. Icaria, 2015). Co-escribe regularmente xunto con Tina Font a sección de opinión *Crónicas insumisas*, no xornal Público.

8. AS PALESTRAS

[“Patriarcado e capital, alianza criminal!! Relación entre capitalismo e patriarcado na sociedade actual” por María Pazos Morán](#)

As desigualdades de xénero na sociedade actual, aliadas ao patriarcado e ao capitalismo, abordaranse nesta palestra a través da economía feminista. Afondarase en como os sistemas impositivos, políticas públicas e medios de comunicación favorecen as elites económicas e políticas á custo da explotación, empobrecemento e opresión das mulleres e das persoas máis vulnerábeis. Así mesmo, exploraranse as loitas do movemento feminista neste eido, na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria, que respecte os

dereitos humanos e o medio ambiente, desafiando ao modelo capitalista con lóxica patriarcal.

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre os retos e as alternativas que expón o feminismo ante a crise múltiple que vivimos.

“Dereito á verdade!! Desinformación e o papel do xornalismo e os medios de comunicación nos conflitos internacionais” por Hibai Arbide Aza

Poucas veces na historia houbo tanta información, tan directa, tan rápida e tan variada para o público. E, con todo, isto non se traduce en que esteamos mellor informadxs que nunca. Cales son as técnicas de desinformación que empregan as potencias mundiais nos conflitos que artellan e levan a cabo? Nesta palestra abordarase esta cuestión dende dúas perspectivas diferentes e complementarias: por unha banda, o punto de vista dun profesional do xornalismo que traballa na cobertura de conflitos internacionais; por outra, a do público, que ten dereito a recibir información veraz e de calidade.

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre os retos e as oportunidades que presenta o xornalismo para a transformación social dende o dereito á información.

“Non nos calarán!! A represión da protesta e a construción da disidencia” por Sara López Martín de LegalSol

A represión levada a cabo polos poderes establecidos e como reprimiron ás protestas sociais no Estado español dende o xurdimento do 15M ata a actualidade, utilizando o dereito penal e administrativo “dx inimigx” será o tema central da palestra. Afondarase no concepto “dx inimigx”, proposto por Günter Jakobs, o cal, refírese á aplicación dun dereito excepcional e desigual a quen se consideran inimigxs da orde social, sen respectar os seus dereitos nin garantías. Mostrarase así como se manifestou esta represión nos ámbitos policial, xudicial e mediático, e cales foron os seus impactos sobre os movementos sociais. Tamén se explicarán resistencias e organización fronte á represión, mediante a denuncia, a solidariedade, a desobediencia, a creatividade e a construción de alianzas.

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre os retos e as oportunidades que expón a protesta social nun contexto de crecente represión e control.

“Somos o 99%!! A soberanía dos pobos como resistencia ao poder das transnacionais” por Oskar Matute

A soberanía dos pobos como forma de resistencia ao poder das empresas transnacionais, que operan en todos os ámbitos das nosas vidas e que impoñen os seus intereses económicos por riba dos dereitos humanos, sociais e ambientais será o tema central da palestra. Afondarase en como as transnacionais beneficianse da globalización neoliberal,

que lles permite aproveitarse das vantaxes que ofrecen os distintos Estados en materia de salarios, impostos, recursos naturais ou normas legais. Tamén se mostrará como as transnacionais exercen unha gran influencia política sobre os gobernos e as institucións pública. Fronte a esta situación, propónse a necesidade de reivindicar a autodeterminación dos pobos, entendida como a capacidade de decidir sobre os asuntos que nos afectan e de construír alternativas ao modelo dominante.-

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre os desafíos e as oportunidades que expón a soberanía popular fronte ao poder corporativo.

"Isto non rematou!! Internet: monopolios corporativos e soberanías colectivas" por Sergio Salgado

Convite a reflexionar sobre como entendemos e usamos Internet, e como iso inflúe na nosa capacidade de defender os nosos dereitos e soberanías colectivas fronte ao poder das grandes empresas tecnolóxicas. Explicarase como as chamadas Big Tech, como Google, Facebook, Amazon ou Microsoft, lograron impoñer de xeito interesado unha narrativa que identifica Internet coas súas plataformas e servizos. Fronte a esta situación, propónse a necesidade de recuperar ou redefinir internet como un espazo de comúns, democracia, de colaboración e de innovación social. Apoiando as propostas que xorden desde os movementos sociais e as organizacións populares, que buscan construír unha Internet cidadá, diversa, democrática e sostible.

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre os desafíos e as oportunidades que expón Internet para as nosas loitas e as nosas soberanías.

"Liberdade de Expresión, Democracia!! Poder, medios de comunicación e democracia. Do control financeiro ao filantropocapitalismo" por Aurora Labio

A relación entre o poder, os medios de comunicación e a democracia, e como esta se viu afectada polo control financeiro e o filantropocapitalismo, explorarase nesta palestra. Explicarase como os grandes grupos mediáticos, que dependen dos intereses económicos e políticos dxs súas/seus propietarixs e accionistas, perderon a súa función de servizo público e de control democrático, e convertéronse en instrumentos de manipulación, desinformación e propaganda. Tamén se amosará como o filantropocapitalismo como forma de exercer influencia e poder sobre os medios e a opinión pública, sen render contas nin asumir responsabilidades. Fronte a esta situación, propónse a necesidade de recuperar a liberdade de expresión e o pluralismo informativo, e de apoiar aos medios independentes, críticos e alternativos, que defenden os dereitos humanos, a xustiza social e a sustentabilidade.

A palestra será un espazo de reflexión e debate sobre os desafíos e as alternativas que son expostas pola comunicación para a democracia.

"Non á guerra!! O negocio da guerra: economía militar e desarmamento" por Pere Ortega

Como o sistema capitalista se sostén sobre unha lóxica de violencia e dominación, que se expresa na produción e comercio de armas, na intervención militar en conflitos, na militarización da seguridade e na vulneración dos dereitos humanos, será o foco desta palestra. Tamén se mostrará como o Estado español participa activamente neste sistema, a través dun elevado gasto militar, unha potente industria militar, unha política exterior belicista e unha falta de transparencia e control democrático. Fronte a esta situación, propónse a necesidade de impulsar un movemento social pola paz e o desarme, que cuestione o papel das forzas armadas, que denuncie as consecuencias negativas do militarismo e que promova alternativas nonviolentas e solidarias.

A palestra será espazo de reflexión e debate sobre os retos e as oportunidades que presenta o desarme e a economía militar para a construción dunha sociedade máis xusta e pacífica.

"O xornalismo non é un crime!! Medios: cuarto poder ou ariete do poder?" por Pere Rusiñol.

Como a democracia e os medios de comunicación son ameazados polo poder das grandes empresas e os multimillonarios. Analizarase como o control financeiro e o filantropocapitalismo son utilizados por estes actores para influír na información, a opinión pública e as decisións políticas, sen render contas nin respectar os dereitos da cidadanía. Exporanse casos concretos de manipulación, censura e represión que sufriron xornalistas críticxs e independentes, así como as iniciativas que se impulsaron desde o xornalismo alternativo e cidadán para defender a liberdade de expresión e o pluralismo informativo.

A palestra ofrecerá a oportunidade de reflexionar e dialogar sobre os desafíos e as oportunidades que a comunicación presenta para a sociedade actual.

9. LUGAR

As xornadas desenvolveranse no *Café de Catro a Catro*, localizado na Rúa Girona 16, Vigo. Tamén se emitirán en directo en streaming nas RRSS de @ecoarglobal

10. CONTACTO

Correo: comunicación@ecoarglobal.org

Teléfono: +34 693 35 22 04

Web: agora-r.ecoarglobal.org e ecoarglobal.org

RRSS: @ecoarglobal e <https://ecoarglobal.org/gl/ligazons>